

Dona Verónica Trotta Fernández como representante da ANPA no Consello Escolar, propón para a súa aprobación e presentación ante conselleira de educación o seguinte escrito respecto o servizo de comedor escolar:

Mostrar a nosa oposición a posible renovación do servizo de xantares coa empresa Scolarest dada a mala calidade do servizo prestado durante os dous últimos cursos nos que foi concesionaria do comedor escolar.

Esta ANPA, co fin de recoller a opinión dos pais sobre o servizo, realizou unha enquisa aos titores das/os nenas/os, tendo en conta que a gran maioría dos nenos e nenas asisten todos os días, algúns dos resultados recollidos foron:

- A gran maioría dos pais están de acordo en que **o mellor do servizo é o persoal e o peor é a comida** xa que moitas veces as racións non son suficientes para todos, a temperatura non é óptima na maioría dos días, moitas veces a comida chega fría (sendo un prato para comer quente) e outras veces demasiado cociñada. Os menús non están equilibrados – só ten que ver o calendario mensual – Consideran que a calidade dos alimentos, non é a mellor, a froita chega a miúdo en mal estado e as monitoras teñen que seleccionar no momento o que poden distribuír e moitas veces a metade do que chega é tirada. Os pratos non son apetecibles para os nenos e nenas, chegando, moitas veces ter que convencelos para que coman algo.
- Se hai unha modificación do menú, non o informan ao colexio con tempo para avisar aos padres.
- En xeral aos nenos/as non lles gusta estar no comedor, incluso hai nenos/as que piden comida cando chegan a casa saíndo do comedor.
- Os pais consideran que o repartidor non debería servir os menús, por falta de persoal, aínda que tivese a preparación para ese propósito.
- Non todo é negativo, os titores dos/as usuarios/as, recoñecen e agradecen o traballo que realiza a diario a directora no servizo de comedor para que este sexa un momento o máis agradable, para os nenos y as nenas.

A enquisa foi realizada por arredor dun 50 por cento del total dos usuarios e a poñemos á súa disposición.

Engadir que ao longo deste curso, a escola tamén se queixou en reiteradas ocasión ao catering, debido á falta de monitores, diferenzas no menú diario que se distribúe aos nenos, problemas co menú para diabéticos entre outros, como tamén o fixo aos comedores escolares, pero o silencio destes, foi a única resposta que tiveron. As queixas dos pais tampouco foron atendidas pola vosa parte.

Pola outra banda, durante anos vimos nas empresas que xestionan os xantares a falta de calidade no servizo sendo esta unha constante, sen ningunha supervisión por parte de quen lle corresponda.

Por todo o anterior solicitamos que o servizo de comedor pase a ser xestión directa, con cocina no noso centro educativo, onde a base da alimentación sexa con produtos de proximidade e tempada. Isto melloraría a aceptación dos menús e a calidade da alimentación dos usuarios, ademais do impulso na economía local no sector primario e de distribución locais, tendo en conta os beneficios que implica que se cociñe no propio centro educativo e non en lugares cando menos a 50km de distancia e logo se transporten os menús coa conseguinte perda de calidade e o incremento de custes que redundan nunha perda de calidade na alimentación das nosas fillas e fillos.

Por último, cremos que é necesario converter o comedor escolar nun verdadeiro Servizo Educativo Complementario que inclúan almorzos e xantares, xa que estes servizos son una necesidade básica para a conciliación familiar e laboral.

Presidenta da
ANPA A Buxaina